

Unha das cousas mais interesantes na miña opinión foi a visita a Falmer School na que puidemos ver como se traballa nun centro británico convencional, inda que dentro das clases que tivemos so se escolleron as mais inusuais das que aquí carecemos: Drama, Cociña, música, AT. Aparte das asignaturas tamen puidemos comprobar como eran as instalacións do centro que estaban en moi boas condicións e con unha alta tecnoloxía de por medio. Dentro das actividades realizadas se tivera que escoller algunha sería Música. En aquel centro esíxese moito máis de música do que se esixe en España, de feito un dos obxectivos é saír tocando piano e guitarra e diferentes instrumentos dos que aquí carecemos. Impresionoume moito a cantidade de material que tiñan para realizar a clase e nas boas condicións nas que se atopaba, de feito, tiñan un teclado para cada alumno, unha guitarra para cada e incluso unha sala de gravacións onde había unha batería un piano de parede e unha guitarra eléctrica. Antes de comexar a música convencional dedicámoslle media hora a facer bile cousa que aquí non se realiza. En xeral todas as actividades que realizamos eran entreteidas e dispoñían de aula propia para cada clase, non eran os profesores os que se movían a cada aula senon que eran os alumnos os que o facían unha das cousas que ten de proveito esa maneira e que entre clase e clase tes un tempo para estira as pernas e moverte un pouco e non estar todo o tempo sentado nun pupitre sen poder sequer levantarte. Outra das cousas moi impresionantes no instituto era a cafetería onde dispoñías dun bufet para escoller a comida que desexas con grande variedade de alimentos dende pasta ata ensalada. Tamen dispoñía dun lugar restaurante para comer e dunha sala de xogos co billares futbolíns e incluso un a Xbox 360 e unha PlayStation. O patio do recreo era enorme e o cespede cubría que cubría unha gran superficie estaba coidado e limpo. Para realizar as actividades separáronos en 4 grupos mesturando ingleses e españois unha das cousas que me sorprenderon dos ingleses era o seu mal comportamento fronte os profesores. As aulas de drama e outras tecnoloxías dispoñían dun grande espazo para realizalas e acondicionado a actividade pero o que chamaba a atención era a aula de cociña que era enorme e dispoñía de toda clase de utensilios para preparar calquera clase de comida. Estaría ben que en Galicia tamen se ofertara esa clase nos centros e tamén drama. Despois das clases fixmos actividades extraescolares, era sorprendente a variedade de cousas que ofertaban como ximnasio, street dance, e algunha máis común como Baloncesto. Finalmente a actividade que menos me gustou das que realizamos no intercambio foi a do paseo a Seven Sisters non só pola viaxe senon polo día que se escolleu para realizala, o tempo estaba horrible. O día que escollemos foi o que máis choveu de todos e tivemos que camiñar durante unha hora á intemperie da choiva onde acabamos todos empapados xa que non íamos moi ben preparados. Cando volvimos desa actividade acabamos cansos de camiñar e o que máis nos apetecía era ir ao hotel a cambiarnos e a descansar.